




Unha viaxe literaria pola Costa da Morte de Enrique Labarta Pose

Enrique Labarta Pose naceu en Baio o 22 de xullo de 1863. "Os carballos da botica", o nome co que se coñece a entrada da casa de Labarta na que se conservan estas centenarias árbores, foi un lugar de referencia durante moitos anos xa que aquí celebrábase a coñecida "feira de Tabeirón" e cada 8 de setembro festexábase a patroa de Baio, de aquí o título da premiada poesía de Labarta "A festa da Patrona de Tabeirón". Labarta estudou bacharelato no Instituto de Segunda Ensinanza de Santiago, rematando no ano 1887. Neste mesmo ano matricúlase na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, seguindo así os pasos dos seus predecesores. Tal e como el indica no seu conto **El fabricante de palillos**, "seguí esta carreira, por rutina y sin vocación, porque otros amigos míos la seguían. ¡A dode vas, Vicente? ¡A donde va la gente! Y ahora veo, que he equivocado el camino". A pesar disto, o poeta licenciase no 1884 e casa neste mesmo ano coa santiaguesa Rosa Elisa Martínez del Río. No ano 1899 ingresa como Oficial de Facenda en Pontevedra grazas a Eduardo Vicenti, a quen Labarta lle dedica o libro **Bálsamo de Fierabrás** como agradecemento. No 1902 ascende a oficial de cuarta clase da Administración de Contribucións de Pontevedra por intervención de Eduardo Iglesias Aníño, a quen lle adica o libro **Adormideras. Poesías festivas**. Ao longo da súa vida laboral foi ascendendo ata o posto de Xefe de Negociado de terceira clase da Inspección de Facenda da provincia de Barcelona. Viviu en distintas cidades desprazado por causas laborais. Labarta falece o 13 de maio de 1925 no Hospital Clínico de Barcelona debido as feridas causadas polo descarrilamento dos ferrocarrís de Las Planas, o 9 de abril. A pesar da operación e da leve melloría sufrida uns días antes, o vate non chegou a cumprir os 62 anos. Uns anos antes, publicaba en **El Eco de Galicia** de Buenos Aires a composición poética *¡que me entierren aló!*. Toda a prensa catalana e galega fíxose eco da súa morte. Nos artigos publicados recordábase como un dos mellores e máis celebrados poetas humorísticos de Galicia.



Este é un roteiro que forma parte do proxecto "Roteiros da Cultura Galega" do Consello da Cultura Galega. Lévanos a coñecer a Costa da Morte a través de espazos biográficos e literarios do escritor baíes e que o inspiraron para escribir moitas das súas poesías e dos seus contos. O percorrido transcorre por diferentes concellos da comarca: Zas, Vimianzo, Camariñas, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Corcubión, Carballo e Muxía. Igrexas, pedras máxicas, pontes antigas, patrimonio etnográfico, pazos, imponentes faros e praias, así como festas, feiras, vivencias e reinos son algúns dos escenarios e acontecementos que a conforman.

Unha parte da produción literaria de Enrique Labarta Pose quedou dispersa nas páxinas das distintas publicacións periódicas coas que colaboraba. A outra está recollida en distintas obras, todas esgotadas e sen contar cunha reedición. O labor de Labarta como escritor non se limitaba só ás terras galegas, senón que a súa colaboración era demandada en publicacións españolas e suramericanas. Algunha das súas obras máis destacadas son:

- ◆ Última Novedad. Noventa y nueve céntimos de versos de todas clases y arregladas á todos los gustos, 1884 (poemario en castelán)
- ◆ Bálsamo de Fierabrás, 1889 (poesía en galego e castelán)
- ◆ Millo Miúdo, 1896 (poesía en galego)
- ◆ O carnaval de 1900 en Pontevedra, 1900 (reseña sobre as festas do entroido e un propósito carnavalesco)
- ◆ Adormideras, 1902 (poemario en castelán)
- ◆ A Festa da Patrona de Tabeirón, 1903 (poesía premiada nos xogos florais do Círculo Católico de Obreros de Pontevedra que se celebraron no mes de Agosto de 1903)
- ◆ Cuentos humorísticos, 1905 (narrativa en galego e castelán)
- ◆ Poesías en gallego y castellano, 1929 (edición póstuma)

Coñecido como o **Quevedo galego**, Enrique destacou pola súa obra narrativa, poética e teatral, en galego e castelán e chegou ao seu público a través do humor. Caracterízase polo uso da ironía, a tenrura e delicadeza, o enxeño e a gracia, a fluidez da forma e a transparencia do pensamento. Enrique Labarta Pose foi laureado nun gran número de ocasións polos seus poemas cheos de humor e ironía, acadando numerosos premios de honra e primeiros premios, así como varios accésits. Deixou unha fonda pegada tanto na súa vila natal como no resto do territorio galego e español, así como un bo número de anécdotas que coñecemos grazas a súa obra. Labarta tamén destacou pola súa afección fotografía: "hay que reconocerle como el más hábil e ingenioso de los que cultivan el arte fotográfico, al que se dedica desde hace algún tiempo". Pero Labarta Pose non só cultivou a arte da fotografía, senón que foi pioneiro no seu uso nun medio impreso de ámbito galego. De feito, o seu propio retrato, autoría de Francisco Zagala, que ilustra a portada do primeiro número de **Extracto de Literatura**, está documentado como a primeira fotografía impresa da historia en Galicia. Outro acontecemento pioneiro no territorio galego foi o emprego de fotografías nos anuncios publicitarios na revista **Galicia Moderna**. Enrique Labarta promocionou e deu a coñecer o fonógrafo, un dos grandes descubrimentos do século XIX. Fíxoo recorrendo varias poboacións de Galicia, León e chegando ata algunha cidade de Portugal.

